

Orde do 2 de decembro de 2024 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas convocadas pola Orde do 7 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR351A)

TEXTO:

A Orde do 7 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (DOG núm. 118, mércores 19 de xuño de 2024), establece no seu artigo 31 o crédito orzamentario para financiar as axudas ao fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia.

Así mesmo, no seu artigo 31.2 indícase que poderá incrementarse a dotación orzamentaria, segundo se establece no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de xerar, ampliar ou incorporar crédito, ou coa existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito incluído no mesmo programa.

Como se produciu unha xeración de crédito, cómpre ampliar a dotación orzamentaria para a concesión das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de entidades beneficiarias posibles.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,



DISPOÑO:

Artigo 1. Ampliación da dotación orzamentaria

1. Ampliase a dotación orzamentaria determinada na Orde do 7 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR), na aplicación orzamentaria 45.04.712B 772.0 (CP 2021 00157) por importe de 1.500.000 euros na anualidade 2024.
2. Unha vez efectuada esta ampliación, a dotación orzamentaria total é de 5.650.000 euros.

Artigo 2. Prazo de solicitudes

A ampliación prevista no artigo 1 desta orde non afecta ao prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 7 de xuño de 2024.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2024.

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

INSÍRASE EN DOG
O secretario xeral técnico
Jorge Atán Castro

